

PROXECTO CURRICULAR DE ÁREA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

**Departamento de Inglés
CURSO 2020-2021**

ÍNDICE

1. MEMBROS DO DEPARTAMENTO.
2. REPARTO DE GRUPOS DE ALUMNADO.
3. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.
4. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA E PERFIL COMPETENCIAL DE ÁREA.
5. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE
6. OBXECTIVOS XERAIS DA ESO E A SÚA CONCRECIÓN
 - 6.1. OBXECTIVOS PARA 1º ESO
 - 6.2. OBXECTIVOS PARA 2º ESO
 - 6.3. OBXECTIVOS PARA 3º ESO
 - 6.4. OBXECTIVOS PARA 4º ESO
7. PROGRAMACIÓNS PARA OS CURSOS DE ESO
 - 7.1. 1º CURSO ESO
 - 7.2. 2º CURSO ESO
 - 7.3. 3º CURSO ESO + PMAR
 - 7.4. 4º CURSO ESO
8. BACHARELATO
 - 8.1. OBXECTIVOS XERAIS DE BACHARELATO E A SÚA CONCRECIÓN
 - 8.1.1. OBXECTIVOS PARA 1º BACHARELATO
 - 8.1.2. OBXECTIVOS PARA 2º BACHARELATO
 - 8.2. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS
 - 8.3. PROGRAMACIÓN PARA 1º BACHARELATO
 - 8.4. PROGRAMACIÓN PARA 2º BACHARELATO + AFONDAMENTO EN INGLÉS
9. EDUCACION SECUNDARIA PARA ADULTOS (nivel II → módulos III – IV) - ÁMBITO DA COMUNICACIÓN – LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)
10. CM XESTIÓN ADMINISTRATIVA
 - 10.1. MÓDULO PROFESIONAL – INGLÉS – MP0156
11. CS ADMINISTRACIÓN Y FINANZAS
 - 11.1. MÓDULO PROFESIONAL – INGLÉS – MP0179
12. 1º FP BÁSICA DE ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA
 - 12.1. MÓDULO COMUNICACIÓN E SOCIEDADE 1 – INGLÉS – MP3011
13. 2º FP BÁSICA DE ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA
 - 13.1. MÓDULO COMUNICACIÓN E SOCIEDADE 2 – INGLÉS – MP3012
14. CUALE A1/A2/B1
15. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE
16. TRATAMENTO DO ALUMNADO CON INGLÉS PENDENTE NA E.S.O E EN BACHARELATO
17. AVALIACIÓN INICIAL NA E.S.O.
18. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
19. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR
20. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC
21. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS E CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA
22. MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO 2019-2020
23. AUXILIAR DE CONVERSA.
24. COLABORACIÓN DO DEPARTAMENTO COAS “SECCIÓNS BILINGÜES”.
25. LIBROS DE TEXTO OFICIAIS.
26. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS PROPOSTAS POLO DEPARTAMENTO PARA ESTE CURSO ACADÉMICO.
27. INFORMACIÓN AO ALUMNADO.
28. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.
29. DOCUMENTO PARA REALIZAR A AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

1. INTRODUCCIÓN - MEMBROS DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS

O Departamento de Inglés, neste curso 2020-2021, está formado por sete persoas, catro definitivos e tres provisionais. Un deles pertence ao Departamento de Administración e imparte inglés como materia afín no 1º curso de CM Xestión. Os membros son os seguintes:

XOSÉ MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ
 RAQUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ
 XURXO FEIJOO GARCÍA
 MÓNICA FONDEVILA SAMARTÍN
 CARMEN SAMPEDRO MIRANDA
 M^a ISABEL RODRÍGUEZ LAMEIRO
 M^a DOLORES RÚA BARCIA (Xefa de Departamento)

2. INTRODUCCIÓN - REPARTO DE GRUPOS DE ALUMNADO

	GRUPO A	PMAR	GRUPO B	GRUPO C	GRUPO D
1º ESO	RAQUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ		RAQUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ	RAQUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ/	RAQUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ
2º ESO	CARMEN SAMPEDRO MIRANDA		CARMEN SAMPEDRO MIRANDA	CARMEN SAMPEDRO MIRANDA	CARMEN SAMPEDRO MIRANDA
3º ESO	XURXO FEIJOO GARCÍA	RAQUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ	XURXO FEIJOO GARCÍA	XURXO FEIJOO GARCÍA	RAQUEL LÓPEZ RODRÍGUEZ
4º ESO	MÓNICA FONDEVILA SAMARTÍN		MÓNICA FONDEVILA SAMARTÍN	M ^a DOLORES RÚA BARCIA	
1º BACH	M ^a DOLORES RÚA BARCIA		M ^a DOLORES RÚA BARCIA		
2º BACH	XOSÉ MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ/		XURXO FEIJOO GARCÍA		
ESA*	MÓNICA FONDEVILA SAMARTÍN				
1º BACH ADULTOS	XURXO FEIJOO GARCÍA				
2º BACH ADULTOS	XURXO FEIJOO GARCÍA				
1º FP BÁSICA - MP3011-	CARMEN SAMPEDRO MIRANDA				
2º FP BÁSICA - MP3012-	MÓNICA FONDEVILA SAMARTÍN				
CM XESTIÓN ADMINISTRATIVA - MP0156	M ^a ISABEL RODRÍGUEZ LAMEIRO				
CS ADMINISTRACIÓN E FINANZAS - MP0179 -	M ^a DOLORES RÚA BARCIA				
CUALE A1	MÓNICA FONDEVILA SAMARTÍN				
CUALE A2	MÓNICA FONDEVILA SAMARTÍN				
CUALE B1	MÓNICA FONDEVILA SAMARTÍN				

* Na ESA impártense dous módulos cuatrimestrais: III (ata xaneiro) e IV (dende xaneiro).

3. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A normativa aplicable é a seguinte:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación (LOE),
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE),
- Real Decreto 1105/2014, de 24 de decembro, polo que se establece o currículo básico da ESO e o Bacharelato,
- Orden ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria e o Bacharelato.
- Decreto 86/2015, de 25 de xuño (DOG, 29 de xuño), polo que se establece o currículo para a ESO e o Bacharelato en Galiza
- Resolución do 15 de Xullo de 2016, da DX de Educación, FP e Innovación Educativa.

4. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

A metodoloxía escollida incorpora a evolución actual da didáctica das linguas estranxeiras; é dicir, divide a lingua en progresións nas catro destrezas: a comprensión oral e escrita e a expresión oral e escrita, máis o coñecemento da lingua e a consciencia plurilingüe e intercultural.

Dende o principio, todos estes aspectos interrelaciónanse, inda que cadanseu conserva a súa especificidade. Dese xeito, o profesor sempre poderá insistir nun ou noutro aspecto segundo as necesidades do grupo en cada momento.

Nos primeiros cursos da ESO e na FP Básica, priorizarase a comprensión oral e escrita nas primeiras unidades estudadas, co fin de crear un corpus importante de coñecementos pasivos orais e escritos que lle permita ao alumno progresar máis rápido. Nos superiores, en Bacharelato e nos Ciclos, a expresión oral desenvolverá un papel cada vez máis importante segundo aumentan os coñecementos dos alumnos.

No proceso de aprendizaxe dunha lingua estranxeira, aos alumnos preséntanselles numerosas oportunidades para desenvolver as destrezas clave en diversas áreas. Os métodos empregados facilitan a adquisición de competencias clave tales como a competencia para aprender a aprender, competencia dixital, sentido de iniciativa e espírito emprendedor, e conciencia e expresións culturais.

Usarase tamén a aprendizaxe mediante “tarefas” que permitirán integrar e sintetizar as distintas destrezas, xunto con actitudes e valores tales como a cooperación, no marco dun enfoque comunicativo.

O "*Communicative Approach*" require por parte do profesorado unha preparación previa e coidadosa tendo presentes os recursos con que conta e as necesidades e capacidades do alumnado. Os exercicios prácticos ou "*drills*" estruturais, a práctica de ensaios, composicións, comentarios escritos, cuestionarios, disertacións, "listenings", ... realizaranse para reforzar o adquirido funcionalmente e como complemento da aprendizaxe da lingua.

Todos os enfoques utilizados empregan exercicios de reflexión colectiva e individual sobre os distintos niveis de funcionamento do inglés: a gramática, a transición do oral á escrita, etc., e invita á comparación co funcionamento das demais linguas que manexan os alumnos. Trabállase de modo extenso o vocabulario e a gramática e ponse especial énfase na importancia da expresión oral e no desenvolvemento de todas as destrezas, o que permite que os alumnos empreguen o inglés de maneira competente en situacións da vida real. Ademais, os contidos culturais e interdisciplinares están integrados, o que fornece unha maneira natural de contactar a aprendizaxe do inglés co mundo real, achegar o mundo real á aula para que o alumnado reflexione, non deixe de estar motivado e produza un inglés "real" de maneira sinxela e natural.

Permitirémolles ao alumno comprobar que progresa rapidamente mediante *tests* frecuentes e autoavaliacións en tódalas destrezas.

Dende o principio, tamén lle daremos ao alumno as bases esenciais para que sexa autónomo o antes posible dende o punto de vista da comprensión escrita e consiga tamén unha transición correcta da escrita ao oral, e para que aproveite oralmente o que aprende por escrito.

Tense en conta a evolución de Internet, o uso habitual do correo electrónico e o ensino a distancia aplicado ás linguas estranxeiras, que lle proporcionan ao alumno posibilidades de auto-aprendizaxe individual, oral e escrito en varios niveis así como posibilidades de consulta ilimitadas.

Tendo en conta o marco lexislativo e o fincapé que nel se fai ao respecto das **COMPETENCIAS CLAVE**, e tendo en conta tamén que aprender unha lingua é aprender a comunicarse e, se a aprendizaxe implica non só producir frases gramaticais correctas, senon saber usalas nos distintos contextos da vida para establecer unha comunicación efectiva, o método que se seguirá será acorde con estes principios:

- Ensinar a lingua estranxeira para que o alumnado logre comunicarse e desenvolverse con éxito no plano oral e no escrito, de modo natural.
- Profundar no desenvolvemento das estratexias de aprendizaxe para que poida enfrontarse con éxito a situacións reais de comunicación.
- Conseguir que entenda o funcionamento do sistema lingüístico e reflexione sobre o mesmo, comparándoo coa súa lingua materna, para alcanzar un bo nivel de comunicación.
- Profundar no sistema fonético, as funcións gramaticais e o vocabulario, de modo que poida recoñecelos e empregalos en situacións reais de comunicación.
- Fomentar a expresión das ideas e puntos de vista persoais do alumno para crear unha comunicación real.
- Desenvolver e dominar de forma integrada as catro destrezas: *listening*, *speaking*, *reading* e *writing*.
- Ofrecerlle ao alumnado todas as facilidades posibles para que amplíe os seus coñecementos sobre os aspectos socioculturais da lingua inglesa e asimile a cultura da que forma parte, evitando así que exprese os seus logros só en termos morfosintácticos e funcionais.

- Espertar no alumnado a responsabilidade de conseguir a autonomía na súa aprendizaxe, recoñecendo os métodos de estudo e o tipo de organización que máis lle conveña.
- Motivalo con temas de interese e ofrecerlle unhas metas claras ao longo do curso.
- Fomentar a autoavaliación como ferramenta imprescindible para conseguir un progreso eficaz na aprendizaxe.
- Aprender unha lingua para poderse comunicar e desenvolver exitosamente tanto no plano oral coma no escrito dun xeito natural.
- Prestar unha especial atención ao desenvolvemento das estratexias e técnicas de aprendizaxe para que o alumnado poida enfrontarse a situacións reais de comunicación.
- Entender o funcionamento do sistema lingüístico e reflexionar sobre este, comparándoo coa lingua materna e así acadar un bo nivel de comunicación.
- Á hora de expresarse oralmente, prestarase máis atención á fluidez que á corrección formal, tratando de que o alumnado se exprese con naturalidade e sen complexos.
- No tocante á comprensión auditiva, esencial para establecer a comunicación, rexeitarase o accesorio ou irrelevante, centrándose no que é básico para a comprensión da mensaxe. Procurarase que o alumno poida escoitar diferentes rexistros de voces ou gravacións. Realizaranse discusións estruturais baseadas en traballos seriamente preparados e exposicións orais do alumno.
- No tocante á expresión escrita, desenvolveranse as técnicas de síntese, paráfrase, diálogo, composición, descrición, ..., prestando especial atención ás técnicas de autocorrección.
- Xunto coa utilización do libro de texto marcado para cada nivel educativo e cada grupo de alumnado (de ser o caso) promoverase o uso de material auténtico e levaranse dentro da aula os diferentes aspectos da vida real, coa fin de suscitar o interese do alumnado e provocar a necesidade de usar a lingua como medio de comunicación.
- Considerar a motivación como factor decisivo e indispensable en todo proceso de aprendizaxe. Por iso deberanse ofertar temas de interese e marcar obxectivos claros de aprendizaxe.
- Ter presente que a lingua está ligada intimamente á personalidade e conducta social do individuo como forma de comportamento humano.

Con esta orientación metodolóxica pretendese que o alumno sexa o elemento activo e o profesor o promotor e asesor da actividade. Débese promover que a iniciativa parta do alumno, que deste xeito se converterá no centro da actividade. Este feito, xunto coa planificación previa e coidadosa das sesións lectivas, fará que a participación se desenvolva espontaneamente.

O traballo en grupo ou en parellas, os debates, os *'roleplays'*, a lectura de revistas e periódicos, a escoita sistemática de cancións, o uso de libros de lectura e o material de apoio necesario (destacadamente as TICs) deberían motivar o alumnado impulsándoo á práctica da lingua.

O ensino en equipo servirá tamén para facer ao alumnado solidario cos seus compañeiros e permitirá a cooperación entre tódolos membros do grupo aportando cada un a súas habilidades ou aptitudes particulares, as cales deberán ser detectadas e potenciadas polo traballo do profesorado.

5. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

(Desenvolveranse de acordo cos niveis de ensino)

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño (DOG, 29 de xuño), polo que se establece o currículo para a ESO e o Bacharelato en Galiza.
- Resolución do 15 de Xullo de 2016, da DX de Educación, FP e Innovación Educativa. , determina as competencias clave que o alumnado debe acadar.

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía como condición indispensable para lograr que os individuos acaden un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posíbel o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento. As competencias clave son esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas. A proposta de aprendizaxe por competencias favorecerá, xa que logo, a vinculación entre a formación e o desenvolvemento profesional e ademais facilita a mobilidade de estudantes e profesionais. As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

1. Comunicación lingüística
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
3. Competencia dixital
4. Aprender a aprender
5. Competencias sociais e cívicas
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
7. Conciencia e expresións culturais

1. Comunicación lingüística. Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Con distinto nivel de dominio e formalización -especialmente en lingua escrita-, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgúñas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorécese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

En resumo, para o axeitado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua).
- O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa axeitada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- O compoñente socio-cultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O compoñente estratéxico permite ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
- O compoñente persoal que intervéñ na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Esta competencia require de coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos.

Trátase da importancia das matemáticas no mundo e empregar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicalos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida.

A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.

Así pois, para o acaído desenvolvemento da competencia matemática cómpre abordar catro áreas relativas aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que subministran un achegamento ao mundo físico e á interacción responsábel con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns/ás responsábeis e respectuosos/as que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, suscitar e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e

tecnolóxicas.

Para o axeitado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía. Así mesmo, han fomentarse as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para acadar un obxectivo.

Han incluírse actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais e ás cuestións medioambientais e á adopción dunha actitude adecuada para acadar unha vida física e mental saudábel nunha contorna natural e social.

Os ámbitos que deben abordarse para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos.

Para rematar, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e a comunicación da ciencia.

3. Competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e se comunicar.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsábel, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñíbel, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o axeitado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación da mesma, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos como técnicos.

4. Aprender a aprender. Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de autoavaliarse, e o manexo eficiente dun conxunto de

recursos e técnicas de traballo intelectual, todo o cal chega a desenvolverse a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

5. Competencias sociais e cívicas. Estas competencias implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dun xeito construtivo en distintas contornas sociais e culturais, amosar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo/a e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e amosar comprensión e respecto dos valores compartidos que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Xa que logo, para o axeitado desenvolvemento destas competencias cómpre comprender o mundo no que se vive, en todos os seus aspectos sociais, culturais e humanos. Mais tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarias con criterio propio, co fin de acadar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o axeitado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade pro-activa

para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e para rematar, o sentido crítico e da responsabilidade.

7. Conciencia e expresións culturais. Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica asemade manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades.

Xa que logo, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes como doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o axeitado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de cara á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade en que se vive; e para rematar, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

PERFIL COMPETENCIAL DE ÁREA

COMPETENCIAS CLAVE	1º ESO		2º ESO		3º ESO		4º ESO		1º BACH		2º BACH		Total nº veces á que se alude como traballada	Total en % traballada en toda a área
	Nº veces á que se alude como traballada	Emprego en % que se corresponde	Nº veces á que se alude como traballada	Emprego en % que se corresponde	Nº veces á que se alude como traballada	Emprego en % que se corresponde	Nº veces á que se alude como traballada	Emprego en % que se corresponde	Nº veces á que se alude como traballada	Emprego en % que se corresponde	Nº veces á que se alude como traballada	Emprego en % que se corresponde		
CCL	31	27	34	23	36	23	37	25	42	25	36	24	216	24.5
CAA	31	27	21	13	36	23	35	22	37	21	32	20	192	21
CD	22	19	31	20	14	8	15	9	16	9	12	7	110	12
CCEC	31	27	33	21	36	23	31	20	40	23	36	24	207	23
CSC			34	23	36	23	36	24	39	22	36	24	181	19

CCA											3	1	3	0.5
	115	100	153	100	158	100	154	100	174	100	155	100	909	100

6. OBXECTIVOS DA ESO E A SÚA CONCRECIÓN

Tal como establece o Decreto 86/2015, do 25 de xuño (DOG 29 de xuño de 2015), a Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsabelmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houber, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia, propias e alleas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos demais, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

A partir destes obxectivos xerais, concretamos a continuación os obxectivos para a materia de Primeira Lingua Estranxeira na ESO, distribuídos por competencias comunicativas:

Comprensión oral

- Identificar o sentido xeral, as ideas principais e as informacións máis importantes de textos orais curtos e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, pronunciados lentamente e ben articulados; cun rexistro formal, informal ou neutro, que traten ben temas habituais en situacións cotiás, ben temas xerais aplicados á situación persoal, nos ámbitos persoal, público ou educativo, en condicións acústicas axeitadas e con audicións repetidas.
- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis apropiadas para comprender o sentido xeral, os principais puntos ou a información máis importante do texto.
- Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos asociados á vida cotiá (estudos, lecer), ás condicións de vida e ao contorno, ás relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, nun lugar público), ao comportamento (xestos, mímicas, vox, contacto visual) e ás convencións sociais (costumes e tradicións).
- Distinguir a función ou as funcións comunicativas máis importantes no texto (por exemplo, unha petición de información, un aviso ou unha suxestión) e un repertorio dos enunciados máis frecuentes, así como os patróns discursivos habituais ligados á organización textual (introdución do tema, partes do tema, conclusión).
- Aplicar á comprensión do texto o coñecemento das construcións sintácticas e discursivas correntes na comunicación oral, así como os significados asociados (por exemplo, unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión).
- Recoñecer o léxico oral corrente, en relación coas situacións da vida cotiá e con algúns aspectos de temas máis xerais ou ligados aos intereses persoais ou escolares, e deducir polo contexto ou os apoios visuais o sentido das palabras ou expresións descoñecidas.
- Discriminar os patróns sonoros correntes (acentos, ritmos e entoacións), e recoñecer o sentido e as intencións de comunicación xerais que están asociadas.

Produción oral: expresión continuada e interacción

- Producir textos breves e suficientemente comprensibles, no marco dunha conversa en persoa, por teléfono ou por calquera outro medio técnico, nun rexistro neutro ou informal, nunha lingua moi sinxela, onde damos, pedimos e intercambiamos informacións sobre temas familiares e coñecidos ou de interese persoal e escolar, eventualmente con interrupcións e dúbidas, pausas e reformulacións para organizar o discurso e elixir expresións, e onde eventualmente lle pedimos ao interlocutor que repita ou reformule o que se dixo.
- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis axeitadas para producir monólogos ou diálogos breves, cunha estrutura moi sinxela e clara, utilizando entre outros procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que se dispón, a reformulación ou a explicación dalgúns elementos.
- Incorporar á produción de monólogos ou de diálogos os coñecementos sociolóxicos ou sociolingüísticos adquiridos, co que atinxe ás relacións interpersoais, ao comportamento e ás convencións sociais, actuando de maneira axeitada e respectando as principais normas de cortesía segundo os contextos.

- Utilizar as principais funcións requiridas pola intención de comunicación, usando as fórmulas máis frecuentes para cada unha, e os patróns discursivos máis sinxelos e correntes para organizar o discurso.
- Utilizar un repertorio limitado de estruturas sintácticas correntes e de mecanismos sinxelos para asegurar a cohesión e a coherencia (repetición de palabras, elipses, indicación da persoa, do lugar e do tempo, xustaposición, e conectores de uso moi frecuente).
- Coñecer e utilizar en repertorio léxico oral suficiente para comunicar unha información e opinións breves, sinxelas e concretas, en situacións habituais e cotiás.
- Ter unha pronunciación e unha entoación suficientemente comprensibles, inda que o acento estranxeiro sexa evidente, que se cometan erros de pronunciación e que os interlocutores deban pedir repeticións ou aclaracións.
- Empregar oracións curtas e fórmulas para saír do paso durante intercambios en situacións habituais ou cotiás, inda que o interlocutor deba interrumpir o seu discurso para buscar unha palabra ou articular expresións e para restablecer a comunicación.
- Intercambiar de maneira sinxela durante intercambios claramente estruturados, usando fórmulas ou xestos sinxelos para tomar ou conservar a quenda de palabra, inda que ás veces o discurso non sexa absolutamente adaptado ao interlocutor.

Comprensión escrita

- Identificar a idea xeral, os puntos esenciais e a información importante en textos, con formato impreso ou dixital, curtos e ben construídos, redactados nun rexistro neutro ou informal, que tratan temas habituais ou cotiás, aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso corrente.
- Coñecer e utilizar as estratexias axeitadas para comprender a idea xeral, os puntos esenciais e a información importante do texto.
- Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relacionados coa vida cotiá (estudos, lecer), coas condicións de vida e o contorno, coas relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, nun lugar público), co comportamento (xestos, mímicas, voz, contacto visual) e coas convencións sociais (costumes e tradicións).
- Distinguir a función ou as funcións comunicativas máis importantes no texto (por exemplo, unha petición de información, un aviso ou unha suxestión) e un repertorio dos enunciados máis frecuentes, así como os patróns discursivos habituais ligados á organización textual (introdución do tema, partes do tema, conclusión).
- Aplicar á comprensión do texto o coñecemento das construcións sintácticas e discursivas correntes na comunicación oral, así como os significados asociados (por exemplo, unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión).
- Recoñecer o léxico oral corrente relacionado coas situacións da vida cotiá e con algúns aspectos de temas máis xerais ou ligados aos intereses persoais ou escolares, e deducir do contexto ou co-texto, e de apoios visuais, o sentido das palabras ou expresións descoñecidas.
- Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como as abreviaturas e símbolos de uso corrente e o seu significado.

Produción escrita: expresión e interacción

- Producir, sobre papel ou en formato dixital, textos breves, sinxelos e ben construídos sobre temas habituais e en situacións cotiás ou de interese persoal, nun rexistro neutro ou informal, utilizando os recursos elementais de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis correntes.
- Coñecer e saber aplicar as estratexias axeitadas para producir textos escritos breves, cun estrutura sinxela, por exemplo copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios a cada tipo de texto.
- Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos sociolóxicos ou sociolingüísticos adquiridos que atinxen ás relacións interpersoais, ao comportamento e ás convencións sociais, actuando de maneira axeitada e respectando as principais normas de cortesía segundo os contextos.
- Utilizar as principais funcións requiridas pola intención comunicativa, empregando as fórmulas máis frecuentes para cada unha, e os patróns discursivos sinxelos máis correntes para organizar o texto escrito de maneira sinxela.
- Utilizar un repertorio limitado de estruturas sintácticas correntes e empregar para comunicar mecanismos sinxelos, suficientemente adaptados ao contexto e á intención de comunicación (repetición de palabras, elipses, indicación da persoa, do lugar e do tempo, xustaposición, e conectores de uso moi frecuente).
- Coñecer e utilizar un repertorio léxico escrito suficiente para comunicar unha información e opinións breves, sinxelas e concretas, en situacións habituais e cotiás.
- Coñecer e utilizar, para garantir a correcta comprensión da mensaxe principal, os signos de puntuación elementais (por exemplo, a coma), as regras ortográficas elementais (por exemplo, o uso das maiúsculas e minúsculas), así como as convencións ortográficas correntes na redacción de textos moi curtos, en formato dixital.

OBXECTIVOS DESGLOSADOS POR CURSOS E DESTREZAS

	1º ESO (garantir cando menos a adquisición das aptitudes descritas polo MECRL para o nivel A1)	2º ESO (garantir o afianzamento nas aptitudes descritas polo MECRL para o nivel A1)	3º ESO (afianzamento nas aptitudes descritas polo MECR para o nivel A1 e introducirmos no nivel A2)	4º ESO (garantir o afianzamento nas aptitudes descritas polo MECR para o nivel A2)
comprensión oral	Escoitar e entender globalmente monólogos e diálogos moi sinxelos, situados nun contexto cotián, sobre temas próximos ao alumnado. Escoitar e entender globalmente cancións moi sinxelas, feitas en base ao léxico que domina o alumnado. Escoitar e entender globalmente conversacións curtas en situacións da vida cotiá.	Escoitar e entender globalmente monólogos e diálogos sinxelos, situados nun contexto cotián, sobre temas próximos ao alumnado. Escoitar e entender globalmente cancións sinxelas, feitas en base ao léxico que domina o alumnado. Escoitar e entender globalmente conversacións curtas en situacións da vida cotiá.	Comprender mensaxes breves, claros e sinxelos, en lingua estándar, dentro dun contexto e sobre asuntos e aspectos coñecidos, nun grao que permita satisfacer as necesidades básicas e identificar o tema, os puntos principais e as intencións comunicativas, así como o rexistro formal ou informal, con posibles repeticións ou aclaracións. Extraer a información esencial e os puntos principais de mensaxes, emitidos por medios audiovisuais, en relación asuntos e aspectos cotiás, dentro do seu contexto, articulados con claridade e lentitude, con posibles repeticións.	Comprender mensaxes breves, claros e sinxelos, en lingua estándar, dentro dun contexto e sobre asuntos e aspectos coñecidos, nun grao que permita satisfacer as necesidades básicas e identificar o tema, os puntos principais e as intencións comunicativas, así como o rexistro formal ou informal, con posibles repeticións ou aclaracións. Extraer a información esencial e os puntos principais de mensaxes, emitidos por medios audiovisuais, en relación asuntos e aspectos cotiás, dentro do seu contexto, articulados con claridade e lentitude, con posibles repeticións.

expresión oral	<p>Tomar a palabra individualmente e manter intercambios nos límites das posibilidades duns principiantes.</p> <p>Mellorar a pronunciación mediante a repetición, individualmente ou en grupo, de cancións, secuencias, trabalinguas.</p> <p>Memorizar e interpretar pequenas esceas dialogadas.</p> <p>Expresarse de maneira contínua, presentándose; presentando aos compañeiros e describíndoos; falando da súa axenda cotiá, dos seus gustos e preferencias, dos seus hábitos; comentando ilustracións; imaxinando situacións das que serían os protagonistas.</p>	<p>Tomar a palabra individualmente e manter intercambios nos límites das posibilidades duns alumnos case principiantes.</p> <p>Mellorar a pronunciación mediante a repetición, individualmente ou en grupo, de cancións, secuencias, trabalinguas.</p> <p>Memorizar e interpretar esceas dialogadas.</p> <p>Expresarse de maneira contínua, presentándose; presentando aos compañeiros e describíndoos; falando da súa axenda cotiá, dos seus gustos e preferencias, dos seus hábitos; comentando ilustracións; imaxinando situacións das que serían os protagonistas.</p>	<p>Realizar intervencións breves e sinxelas, pero que resulten comprensibles, adecuadas e coherentes, relacionadas cos seus intereses e coas necesidades de comunicación máis inmediatas previstas no currículo, nun rexistro neutro, con pausas e interrupcións considerables, cun repertorio e control moi limitado dos recursos lingüísticos e recorrendo ao apoio de comunicación gestual.</p> <p>Participar en conversacións breves relacionadas coas situacións de comunicación máis habituais, previstas no currículo, de forma moi sinxela e dirixida polo interlocutor, sempre que este coopere, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando.</p>	<p>Realizar intervencións breves e sinxelas, pero que resulten comprensibles, adecuadas e coherentes, relacionadas cos seus intereses e coas necesidades de comunicación máis inmediatas previstas no currículo, nun rexistro neutro, con pausas e interrupcións considerables, cun repertorio e control moi limitado dos recursos lingüísticos e recorrendo ao apoio de comunicación gestual.</p> <p>Participar en conversacións breves relacionadas coas situacións de comunicación máis habituais, previstas no currículo, de forma moi sinxela e dirixida polo interlocutor, sempre que este coopere, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando.</p>
comprensión escrita	<p>Iniciarse na comprensión de textos escritos de natureza diversa e auténticos: anuncios, carteis e documentos auténticos funcionais; prensa e documentos informativos formais.</p> <p>Comprender documentos comunicativos persoais menos formais: un diario persoal, un caderno de viaxe con fotos comentadas, testemuños de xente nova durante as vacacións, un blog persoal, etc...</p>	<p>Comprender textos escritos de natureza diversa e auténticos: anuncios, carteis e documentos auténticos funcionais; prensa e documentos informativos formais.</p> <p>Comprender documentos comunicativos persoais menos formais: un diario persoal, un caderno de viaxe con fotos comentadas, testemuños de xente nova durante as vacacións, un blog persoal, etc...</p>	<p>Captar a intención comunicativa, os puntos principais e os detalles relevantes, o rexistro formal e informal de textos sinxelos en lingua estándar sobre temas correntes, apoiándose no contexto, o recoñecemento da estrutura e a disposición gráfica.</p> <p>Localizar e identificar a información máis específica e relevante presente en material publicitario, divulgativo, de consulta, etc. Así como comprender instrucións de uso sinxelas sobre aspectos de ámbito común.</p>	<p>Captar a intención comunicativa, os puntos principais e os detalles relevantes, o rexistro formal e informal de textos sinxelos en lingua estándar sobre temas correntes, apoiándose no contexto, o recoñecemento da estrutura e a disposición gráfica.</p> <p>Localizar e identificar a información máis específica e relevante presente en material publicitario, divulgativo, de consulta, etc. Así como comprender instrucións de uso sinxelas sobre aspectos de ámbito común.</p>

expresión escrita	<p>Iniciación á produción escrita para unha expresión mínima “utilitaria”: personalizar o seu caderno con palabras inglesas; tomar apuntes como apoio para facer exposicións orais.</p> <p>Iniciarse na expresión escrita persoal para presentarse; describir o seu mellor amigo/a; contar as súas actividades con compañeiros; falar das súas relacións cos seres queridos; dicir se a moda nos resulta importante; describir o seu almorzo.</p>	<p>Producir textos sinxelos coma personalizar o seu caderno con palabras inglesas; tomar apuntes como apoio para facer exposicións orais.</p> <p>Realizar escritos persoais para presentarse; describir o seu mellor amigo/a; contar as súas actividades con compañeiros; falar das súas relacións cos seres queridos; dicir se a moda nos resulta importante; describir o seu almorzo.</p>	<p>Escribir mensaxes e textos breves e sinxelos, relativos a aspectos cotiáns concretos, adecuados á situación de comunicación, cunha organización e cohesión básicas, nun rexistro neutro e cun control limitado dos recursos lingüísticos.</p> <p>Comprender e escribir notas, cartas e mensaxes sinxelas, así como mensaxes rutineiras de carácter social, adecuados á situación de comunicación, cunha organización e cohesión básicas, nun rexistro neutro e cun repertorio e control limitado dos recursos.</p>	<p>Escribir mensaxes e textos breves e sinxelos, relativos a aspectos cotiáns concretos, adecuados á situación de comunicación, cunha organización e cohesión básicas, nun rexistro neutro e cun control limitado dos recursos lingüísticos.</p> <p>Comprender e escribir notas, cartas e mensaxes sinxelas, así como mensaxes rutineiras de carácter social, adecuados á situación de comunicación, cunha organización e cohesión básicas, nun rexistro neutro e cun repertorio e control limitado dos recursos.</p>
-------------------	---	---	---	---

7. PROGRAMACIÓN PARA OS CURSOS DE ESO

7.1. ESO – 1º CURSO

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

1º ESO. BLOQUE UN. COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS

OBJECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS	NIVEIS DE ADQUISICIÓN				TEMPORALIZACIÓN			
					EXCELENTE	BEN	SUFICIENTE	INSUFICIENTE	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE	

- a) **Localización do alumno/a na aula:** debe estar sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiros/os que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Debe evitarse a proximidade a portas, fiestras, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como a estímulos sonoros ou visuais. Cando se realicen traballos en grupo hai que ser coidadosos coa localización do grupo (próximo ao

profesorado) e coa elección das compañeiras/os. En actividades individuais, este alumnado deberá ocupar unha mesa separada, orientada cara a mesa do profesorado.

b) **Mesa do alumno/a.** Enriba da mesa só estarán os materiais que necesite para realizar a tarefa, e, ao remate, deberá recollelos e gardalos, e hase de evitar que acabe xogando con eles e convertendo a mesa nun pequeno taller.

c) **Tarefas e deberes.** É necesario:

- Reducir e fragmentar as actividades e axeitar cantidade e grao de dificultade
- Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.
- Non sobrecargar de tarefas para a casa, e seleccionar ben aquelas que se consideren máis importantes.

d) **Antes e durante a realización das actividades.**

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Non dar ao alumno máis dunha instrucción, é máis efectivo dar unha orde despois da outra.
- Antes de empezar unha actividade, hai que explicala de xeito claro e sinxelo, e asegurarse de que a entendeu todo o alumnado.
- Utilizar estratexias para captar a atención inicial como cambios de entoación, xesticulación e dramatización.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas (mellor facer tres correctas ca cinco incorrectas).
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras e variar os exercicios, para que non se aburra.
- Utilizar reforzos e apoios visuais na instrucción oral.
- Conseguir a colaboración dun compañeiro/a “responsable”, para que lle axude a comprender e favoreza o inicio de realizar as tarefas.
- Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, etc.).
- Uso de axenda para ter planificación previa das datas de exames, entrega de traballos... alomenos con dúas semana de antelación.

e) **Exames ou probas escritas.**

- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
- Que os exames escritos sexan curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo.
- Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
- Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (complementar os exames escritos con unha parte oral ou utilizando o ordenador), debido ás dificultades de escritura dalgún alumnado con TDAH.
- Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
- Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.
- Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución.
- Posibilitar que poidan recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos.
- Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

f) **Estratexias expositivas dos docentes na clase:**

- Antes de empezar, ha de asegurarse de que atende.
- Utilizar frases curtas e claras.
- Manter o contacto visual e permanecer cerca.
- Focalizar a atención nos conceptos “clave”.
- Utilizar estímulos visuais e modificar o ritmo da exposición, coas debidas pausas.
- Presentar a idea principal explicitamente ao principio da explicación.
- Utilizar estratexias de categorización e imaxes mentais de conceptos.
- Implicala ou implicalo, promovendo a súa participación con preguntas sinxelas.
- Uso da axenda

- Incorporar na aula un calendario onde os profesores poidan ir anotando as datas de exames, entrega de proxectos de forma coordinada, favorecendo que os mesmos estean espaciados no tempo.
- g) **Entrevistas regulares entre o profesorado e a familia.**

A evolución positiva do alumnado dependerá da actuación do profesorado e do apoio da súa propia familia. Cómpre establecer entrevistas periódicas do profesorado titor coa familia (aconsellable cada 2 ou 3 semanas) para intercambiar información sobre os progresos nos planos académico, social e emocional, así como sobre as dificultades atopadas e as estratexias compartidas para superalas.

Importancia da axenda escolar pois debe:

- Supervisarse pola familia e polo profesorado, tratando de que o alumnado aprenda a usala.
- Servir para que o profesorado escriba diariamente algo positivo e poderanse mencionar, a continuación, aspectos que hai que mellorar.
- Usarse para que as familias e o alumnado coñezan, con antelación suficiente, as datas dos exames, os contidos que teñen que preparar,

as datas para entrega de traballos, os libros de lectura, etc.

- Usarse para reforzar e eloxiar o bo rendemento e comportamento.

- h) **Compartir responsabilidades na aula.** Pódense aproveitar os materiais para lle dar responsabilidades sobre o seu coidado e utilización: reparar, recoller, ordenar, facer fotocopias, borrar o encerado. Ao mesmo tempo, esas acción permítenlle moverse de vez en cando e descansar para poder recuperar a atención.

18.4.-RECOMENDACIÓNS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO TEA (TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA):

Como sempre, os docentes deben compartir estratexias claras e comúns para atendelo. As MAD co alumnado inclúen:

- a) **Localización do alumno/a na aula:**colocalo cerca do docente e alonxado de estímulos que o distraian (se non precisa apoios pictográficos, sistema de comunicación alternativo/aumentativo)
- b) **Estratexias expositivas dos docentes na clase:**

- ter todo organizado e secuenciado paso a paso, con instrucións claras.
- explicar cando está rematada a tarefa.
- dirixirse a él en 1ª persona e de forma individual.
- explicacións adaptados ao seu nivel de desenvolvemento, con apoio visual sempre que é posible.
- eliminar hiperestimulación visual, pode chegar a bloquealos ou poñelos alterados.
- uso da axenda escolar
- Incorporar na aula un calendario onde os profesores poidan ir anotando as datas de exames, entrega de proxectos de forma coordinada, favorecendo que os mesmos estean espaciados no tempo.
- linguaxe clara e precisa, evitando uso de dobres sentidos, ironías, sentidos figurados.
- moldeamento por parte de profesorado e compañeiro/as, encadeamento cara atrás, verbalizacións para procurar aprendizaxe sen erro e reforzo positivo
- pode precisar máis prácticas que outro alumno para aprender unha tarefa e mais tempo para emitir unha resposta
- necesita rutinas e preavisos.
- uso de TICs para facilitar acceso a currículo, presentar traballos...
- procurar situacións de aprendizaxe cooperativo nas que se poida valorar habilidades académicas ou persoais do alumno.
- tentar tocar nas tarefas académicas, os temas de interese que poida ter

c)Exames ou probas escritas.

- avaliación variada (exames curtos e concretos, con tempo extra, preguntas pechadas, de completar ou resposta curta, pode facer exames orais, uso de apoios visuais, uso de ordenador para os exames, exames con tipo de letra que permita discriminalle facilmente o que se lle pide...)

d) Interaccións sociais e integración física no centro:

-dar apoio de mapas ou guía se non coñece o centro e ofrecerlle axuda cando deba desplazarse a outra aula que non sexa a habitual (ter en conta que pode ser que non lles guste que os toquen, evitar ruídos e estridencias, poden ter leves movementos estereotipados cando se atopa incómodo ou agobiado...).

-cando faga saídas, excursións... precisa saber con antelación que tipo de actividade é, onde se vai, que se espera que suceda... e os docentes estarán pendentes das súas reaccións

-promover aprendizaxe funcional e utilidade para a súa vida

18.5 .-RECOMENDACIÓNS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO CON TRASTORNO ESPECÍFICO DA LECTOESCRITURA (DISLEXIA)

Entre as recomendacións básicas:

A) Estratexias expositivas dos docentes na clase:

- Evitar que o alumno copie enunciados ou información escrita (pizarra, libro de texto, etc.) así como dictar preguntas.
- Permitir a elaboración dos apuntes con PowerPoint ou similar por parte do alumno.
- Como recurso didáctico dentro del aula utilizar reforzos e apoios visuais e auditivos na instrución oral (esquemas de claves, mapas conceptuais, resumes con apoio visual, murais interactivos, documentais, programas informáticos, CDs, utilización de enciclopedias ou dicionarios visuais, presentación das explicacións en PowerPoint ou similar, etc.).
- Permitir o uso do ordenador, que será unha ferramenta fundamental no seu proceso de aprendizaxe.
- Utilizar a grabadora para registrar as explicacións de clase, de forma que poidan utilizala como material de estudio.
- Permitir o uso da calculadora así como ter á vista as fórmulas tanto en clase como nas probas de avaliación en matemáticas, física e química.
- Uso de axenda para ter planificación previa das datas de exames, entrega de traballos... alomenos cunha semana de antelación.
- Confeccionar unha folla diaria de rexistro das actividades a realizar polo alumno, para evitar exceso de deberes por parte de todo o profesorado, favorecer coordinación, reducindo actividades repetitivas e/ou complementarias pero non imprescindibles.
- Ter á vista un horario visual (cor/imaxe por asignatura).

- Incorporar na aula un calendario onde os profesores poidan ir anotando as datas de exames, entrega de proxectos de forma coordinada, favorecendo que os mesmos estean espaciados no tempo.

b) Exames ou probas escritas.

- Permitir que responda na súa lingua materna ou que presente interferencias entre castelán e galego e non penalizalo por elo.
- Utilizar unha cor alternativa ao vermello na corrección.
- Evitar corrección sistemática de todos os erros na escritura.
- Presentar as preguntas do exame por escrito (non dictar). Interliñado mínimo 1`5.
- Se presenta disgrafía asociada, permitir o uso do ordenador para realizar as probas de avaliación.
- Exames curtos e frecuentes, propiciando avaliación continuada.
- Exames mellor á primeira hora ou ben fragmentándollos.
- Evitar que teña máis dun exame por día e espaciados no tempo.
- Dar a coñecer datas das probas con máis dunha semana de antelación.
- En probas escritas asegurarnos de que comprende o enunciado de todas as preguntas. Para iso, facer unha lectura previa do exame, en voz alta para toda a clase.
- De vez en cando, despois de ter comezado o exame, achegarse á súa mesa e preguntarlle se ten algunha dúbida, así como animalo a preguntarnos se non entende algo ao longo do exame.
- Sempre que sexa necesario, débesele proporcionar tempo adicional nas probas de avaliación escritas e/ou reducir o número de preguntas a contestar.
- Avaliar as probas e traballos en función do contido, non da presentación.
- As faltas de ortografía non deben influir na puntuación ou resultado final dos exames igual que no resto dos compañeiros.
- Plantexar alternativas complementarias de avaliación ao exame escrito: exame oral, presentación dun proxecto/traballo previamente estruturado. ...
- Cambiar formato do exame escrito (enunciados curtos, destacar palabras claves dos enunciados, actividades de relacionar con apoio

visual, por un exemplo, presentar unha demanda por pregunta...).

-Considerar o caderno de traballo como ferramenta de avaliación.

- Evitar realización de exames globais daquelas asignaturas que xa aprobara en avaliacións anteriores.

- Naquelas asignaturas que teña suspendido algunha avaliación, eliminar os temas aprobados ao longo do curso.

c)Estratexias para controlar e mellorar a conduta. Como o obxectivo é aumentar os comportamentos axeitados e diminuír os comportamentos inadecuados, hai que amosar unha actitude tolerante, flexible e paciente, e o profesorado debe actuar como un modelo de conduta reflexiva para o alumnado. Pódense utilizar como criterios xerais de manexo da conduta os seguintes:

- O reforzo positivo de condutas adecuadas ou aproximacións.
- Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
- Ignorar os comportamentos de chamadas de atención que non son moi molestos.
- Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos.
- Establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumprimento dalgunha norma.
- Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas.

PAUTAS ESPECÍFICAS PARA LINGUAS ESTRANXEIRAS

-. Sinalar obxectivos mínimos de cada tema a nivel de vocabulario e gramática.

-. Reducir a cantidade de vocabulario.

-. Non corrixir as faltas de ortografía, permitindo a transcripción fonética das palabras (por exemplo; *orange-oranch*), priorizando a integración oral das mesmas.

-. Permitir ter á vista en clase e en probas de avaliación as fórmulas de estruturación gramatical das frases (por exemplo, Suxeito + verbo +

adxectivo + nome).

- Permitted ter á vista en clase e exámenes os esquemas de estruturación dos distintos tempos verbais (por exemplo, futuro: Pronome persoal + *will* + infinitivo).
- Reducir a cantidade de libros de lectura obrigatorios así como adaptalos ao seu nivel lector.
- Permitted avaliacións baseadas en maior medida no compoñente de comprensión oral -“listening”, que no de lectura –“reading” ou composición escrita - “writing”.
- Tempos extra.

18.6.-RECOMENDACIÓNS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO CON TRASTORNO ESPECÍFICO DA ESCRITURA (DISGRAFÍA)

Para facilitar a un alumno/a con disgrafía, hai unha serie de recomendacións:

- a) Facilitar copias do material e evitar ou minimizar copiar da pizarra, apuntes... ou darlle tempo extra.
- b) Darlle follas de exame personalizadas co seu nome, data... escrito previamente
- c) Darlle exemplos de traballos rematados e estruturalle por pasos o que debe facer
- d) En matemáticas facilitar uso de papel cuadrulado.
- e) Evitar escritura en folio branco, permitirlle ter unha pauta por debaixo.
- f) Plantexar alternativas complementarias de avaliación ao exame escrito: exame oral, presentación dun proxecto/traballo previamente estruturado...
- g) Cambiar formato do exame escrito (enunciados curtos, destacar palabras claves dos enunciados, actividades de relacionar con apoio visual, por un exemplo, presentar unha demanda por pregunta...).
- h) permitir o uso do ordenador para realizar as probas de avaliación.
- i) Avaliar as probas e traballos en función do contido e coñecemento, non da presentación.
- k) As faltas de ortografía non deben influir na puntuación ou resultado final dos exames igual que no resto dos compañeiros.

18.7.-ALUMNADO PROCEDENTE O ESTRANXEIRO EN SITUACIÓN DE DESFASE CURRICULAR E/OU DESCOÑECEMENTO DE LINGUAS VEHICULARES

Na circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que regula algunhas das medidas de atención á diversidade para a ESO, adica a instrucción sexta ao alumnado procedente do estranxeiro. Sinala que as necesidades do alumno/a fanse a través da avaliación inicial que se debe realizar no momento da incorporación ao sistema educativo.

No caso de non poder conformarse grupos de adquisición das linguas e/ou de adaptación da competencia curricular, o alumnado deberá incorporarse ás MAD que cada centro poña en marcha, logo de informe de orientación. Este alumno deberá seguir un programa específico personalizado ata que o progreso na súa competencia curricular así o aconselle (será responsabilidade do Departamento elaborar cada programa específico personalizado, e o seguimento do progreso do alumnado será responsabilidade do profesorado que imparta a área no curso no que estea matriculado o alumno/a).

18.8. ALTAS CAPACIDADES

Alumnos/as na ESO

Enténdese que unha persoa ten sobredotación cando nela se dan as seguintes características: unha capacidade intelectual moi superior á esperada para a súa idade, unha alta creatividade e un alto grao de motivación e perseveranza.

Indicadores da capacidade Intelectual xeral

- Adquiren aprendizaxes temperás e sen axuda.
- Teñen unha gran facilidade para adquirir novas aprendizaxes.
- Son rápidos na comprensión de información e conceptos novos.
- Establecen facilmente conexións entre conceptos diferentes.
- Posúen un elevado nivel de indagación.
- Elaboran conceptos verbais con facilidade.
- Utilizan con axilidade novos coñecementos na resolución de problemas teóricos e prácticos.

- Formulan principios e establecen xeneralizacións por transferencia de aprendizaxes.
- Destacan na habilidade para argumentar, preguntar e razoar.
- Denotan unha enorme curiosidade intelectual.
- Manifestan interese e gran preocupación polos problemas do mundo.
- Con frecuencia manifestan capacidade de liderado e unha alta sensibilidade social.

Indicadores da capacidade intelectual específica

- Logros importantes en determinadas áreas.
- Vocabulario amplo e rico, cunha excelente capacidade para utilizalo con propiedade.
- Gusto pola lectura.
- Memoria, retención fácil e evocación rápida e precisa.
- Profundidade no coñecemento de temas do seu interese.
- Manifestacións do talento matemático: gusto polos números; rapidez na comprensión e solución de problemas; solucións simples, directas, abreviadas, elegantes; precisión e axilidade no razoamento matemático; uso de criterios sofisticados para clasificar, seriar e agrupar.
- Manifestacións específicas de talento musical.
- Rendemento excepcional nalgunha rama deportiva.

Indicadores da capacidade creativa

- Orixinalidade.
- Imaxinación e fantasía na utilización de recursos.
- Invención e construción de aparatos con materiais sinxelos.
- Creación de ideas e procesos novos.
- Solución creativa a problemas mediante a utilización de recursos e materiais comúns.
- Composición e adaptación de xogos, de música, etc.
- Especial sentido do humor, ás veces desconcertante.
- Tendencia natural a explorar ideas, con formulacións pouco correntes.
- Independencia de pensamento.
- Capacidade de iniciativa.
- Facilitade para aplicar coñecementos dunha materia ou situación a outra.

- Manifestación de opinións contrarias ás habituais.

Indicadores da capacidade de automotivación e perseveranza

- Capacidade de aprendizaxe autodirixida.
- Concentración nas tarefas, perseveranza e motivación en relación a áreas do seu interese.
- Escasa fatiga, sempre que a tarefa non sexa repetitiva ou rutineira.
- Tendencia a traballar de xeito independente. Aínda que a súa autonomía os leva a ser creativos, hai que estimulalos para que aprendan a traballar en equipo e compartan os seus coñecementos.
- Motívanse especialmente cando as tarefas son complicadas e diferentes.
- Proban cousas novas, gustan dos cambios e aceptan os desafíos que supoñen as novidades.
- Teñen grandes expectativas tanto con respecto a si mesmos como con respecto aos demais, o que fai que teñan metas elevadas. A parte negativa é que poden sentirse apremados e ansiosos debido ás esixencias do contorno (familiares, escolares, sociais).

Necesidades educativas que presentan: pódese afirmar que, en xeral:

- Precisan dunha ensinanza adaptada, cun enfoque multidisciplinar nun contexto educativo enriquecido e dinámico, estimulante para o seu desenvolvemento.
- Requiren do acceso a recursos e materiais adicionais, que deben ser planificados especificamente.
- Cómprelle flexibilidade no seu horario e nas súas actividades, polo que é conveniente que, cando sexa posible, deixemos que continúe co traballo ata que estea seguro e satisfeito coa tarefa realizada.
- Precisan participar moi activamente no proceso de ensinanza e aprendizaxe e ter a oportunidade de poder poñer en práctica as súas habilidades.
- Élles imprescindible un contorno no que se valoren as ideas creativas e orixinais, máis que a repetición dos contidos.
- Cómprelle un clima social no que se sinta aceptado, e precisa de orientación no manexo das relacións interpersoais e sociais.

Así pois, a sobredotación precisa, por un lado, una resposta diferenciada e diversificada, con estratexias de ensinanza e aprendizaxe consontes cos recursos intelectuais que manexan as persoas que a manifestan. As estratexias empregadas con maior frecuencia son as seguintes:

Medidas de enriquecemento

Estas medidas baséanse na individualización da ensinanza e consisten en deseñar programas axustados ás características de cada alumno ou alumna, ao tempo que estes se manteñen co seu grupo clase. Teñen a vantaxe evidente de non producir consecuencias negativas na súa socialización.

En ocasións, o enriquecemento tense entendido como a elaboración de programas paralelos aos ordinarios, que se aplicaban de xeito simultáneo a eles e que non tiñan conexión coas actividades que realizaba o resto da clase. A día de hoxe recoméndase optar por axustes no programa ordinario, é dicir, por adaptacións do currículo que se acomoden ás súas necesidades concretas de aprendizaxe e desenvolvemento e que serán tanto máis significativas canto maiores sexan esas necesidades educativas.

Existen diversas tipos de medidas de resposta educativa que implican a posta en práctica de axustes curriculares e organizativos:

Programas de enriquecemento horizontal

Van dirixidos fundamentalmente ao eido procedemental e non supoñen modificacións dos obxectivos, contidos ou criterios de avaliación. Van enfocados a un afondamento en obxectivos e contidos propios dun curso ou ciclo e abranguen aspectos como: a mellora cognitiva; o desenvolvemento da creatividade; o desenvolvemento metacognitivo; a ampliación e afondamento da información e a optimización de hábitos e de estratexias de resolución aplicadas ás distintas áreas de traballo.

Trátase, xa que logo, de ir introducindo na programación da aula una serie de técnicas metodolóxicas e actividades que complementen a oferta educativa ordinaria. Así terán importancia as estratexias de busca de información; as estratexias autoorganizativas: establecemento de prioridades, organización dos recursos; estratexias inventivas e creativas; estratexias analíticas; estratexias para a toma de decisións

Programas de enriquecemento vertical ou adaptacións curriculares de ampliación

Implica unha ampliación dos obxectivos, contidos ou criterios de avaliación. Poden ampliarse e introducirse outros correspondentes a cursos ou niveis posteriores. Esta medida, porén, non supón un cambio de curso do alumnado, senón que se levará a cabo dentro do grupo ordinario que lle corresponde por idade.

Medidas de aceleración

Supoñen unha flexibilización do período de escolarización. Esta medida excepcional baséase fundamentalmente na competencia curricular e poderase adoptar cando se considere que os obxectivos acadados pola alumna ou alumno superan os establecidos, pero tendo en conta tamén se é unha medida axeitada con respecto ás restantes facetas do seu desenvolvemento persoal.

19. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Na nosa programación a lectura estará sempre presente, traballando cada vez máis con textos auténticos adaptados aos nosos alumnos e acompañados dunha presentación de estratexias de comprensión escrita e animándoos á lectura de libros adaptados en lingua inglesa.

Promoveráse a lectura en voz alta co fin de mellorar a pronunciación e entoación dos alumnos (sobre todo nos cursos inferiores)

Os textos aparecen nas distintas unidades que compoñen o libro usado polos alumnos, en seccións específicas de lectura (readings), nas que atopamos textos auténticos de distintos tipos: textos descritivos, argumentativos, prescriptivos e informativos, cancións, ...

Nos cursos superiores os textos serán máis numerosos, máis longos e máis complexos que nos inferiores e as estratexias recomendadas propiciarán unha lectura cada vez máis segura, buscando unha mellor comprensión dos detalles.

Por outra parte, como mencionamos antes, trataremos de fomentar a lectura individual de, polo menos, un libro por trimestre por parte de cada alumno. As obras que se propoñerán aos alumnos serán elixidas polos profesores de tal xeito que o nivel se adapte á capacidade do alumnado.

Estas lecturas individuais poderán dar pé a pequenas probas posteriores (orais ou escritas) para comprobar a correcta comprensión escrita e fomentar a expresión oral.

Ademais de todo o anterior, colaboraremos cos diferentes proxectos da Biblioteca, nos que alentaremos aos nosos alumnos a mergullarse no mundo da novela anglosaxona, estudando e traballando algúns dos principais autores, lendo fragmentos dalgunhas das súas obras (sempre adaptados ao nivel dos alumnos) ou recomendándolles lecturas graduadas (Graded Readers) relacionadas coas temáticas propostas.

20. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

En todas as áreas da aprendizaxe a tecnoloxía está a ser cada vez máis importante, por iso o noso método ten en conta a evolución de Internet, do uso habitual do correo electrónico e da ensinanza a distancia (E-Learning) aplicada ao ensino das linguas estranxeiras, tendo en conta que lles dan aos alumnos posibilidades de auto-aprendizaxe individual, oral e escrita, e unha capacidade de consulta ilimitada.

As TIC convértense dese xeito nunha ferramenta de traballo cotiá, tanto para o profesor como para o alumno. Segundo vaiamos avanzando nos contidos previstos, multiplicaranse as referencias a páxinas web que poderán ser usadas como fonte de información para pequenos proxectos individuais e colectivos, como complemento e profundización dos contidos vistos na clase ou como fonte de exercicios complementarios.

Procuraremos fomentar o uso das TIC entre o alumnado á hora de realizar e/ou presentar os seus traballos individuais e colectivos.

Tamén fomentaremos o uso da Aula Virtual á hora de reforzar os contidos que vexamos na clase e presentar traballos. Por outra banda, traballarase con Google Apps, sendo este un espazo de interacción entre alumnado, e entre alumnado e profesorado.

Ademais, traballaremos coas versións dixitais interactivas dos libros dos alumnos, o que lles resulta moito máis atractivo e lles facilita moito o traballo de corrección. Os métodos escollidos teñen tamén acceso á páxina web dos mesmos para que os alumnos poidan realizar prácticas adicionais, mellorar as súas destrezas e, ao mesmo tempo, avaliar o seu propio progreso; permitíndonos aos profesores controlar o seu progreso a través do Sistema de Xestión da Aprendizaxe (LMS) online.

Cabe lembrar que en 1ª e 2ª ESO se están a usar materiais e medoloxía ‘E-dixgal’, co cal se está contribuíndo ao Plan TIC.

21. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS E CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

Esta programación pretende rescatar elementos da vida cotiá para ver como o alumnado se desenvolve neles utilizando a lingua inglesa; polo tanto, é implícito fomentar e traballar a adquisición dos valores comunmente acordados socialmente. Mediante o tratamento de temas transversais, fomentaremos no alumno un espírito crítico fronte aos problemas e aos conflitos sociais, persoais ou relacionais, para despois ser capaz de afrontalos con actitudes e comportamentos baseados en valores racionais e libremente asumidos.

Dese xeito, o tratamento de temas transversais favorece a formación do carácter mediante o desenvolvemento das capacidades de autonomía, de creatividade, de sociabilidade e de intervención sobre o contorno directo para transformalo mellorándoo.

O desenvolvemento da adquisición está detallada nesta programación ao longo das distintas unidades que conforman os cursos e niveis.

Ao longo desta programación atópanse recollidos todos os obxectivos, tanto xerais como específicos, que se recollen no plan de convivencia do noso centro, xa que, creemos que a potenciación destes obxectivos non só contribúe positivamente na formación do alumnado

como persoas senon que os axuda a comparar e entender mellor as diferencias que hai entre as dúas culturas, e ver dunha maneira clara, a través da práctica diaria, que estas diferencias non son excluíntes senon aglutinadoras.

22. MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO 2019-2020

Tendo en conta as propostas acordadas e recollidas na memoria do curso pasado 2019-2020, neste curso modifícase e incorpórase o seguinte:

- Reorganización dos contidos segundo as necesidades dos grupos, xa que nalgún curso cóntase con alumnos con dificultades que necesitan unha atención máis personalizada.
- Modificación dos criterios de avaliación na FPBásica, coa intención de evitar abandonos nesta materia. Valorarase máis a parte de expresión oral.
- Coordinación entre os distintos grupos e niveis, e entre os distintos Departamentos.
- Uso habitual da Aula Virtual, o material Abalar, Google Apps, pizarra dixital e outras ferramentas TIC.
- Mellora do equipamento do departamento.
- Especificación e programación de actividades extraescolares e complementarias, tendo en conta a dotación económica do Departamento.
- Seguir a adecuar a docencia ás necesidades do alumnado, día a día. Neste sentido, trataremos de seguir coordinándonos nos requirimentos establecidos para os distintos niveis e destrezas, e así evitar solapamentos innecesarios e perdas de tempo, entre nós e cos outros departamentos. Organizar certos obxectivos por etapas para que na maioría estean vistos ao chegar ao 2º de Bacharelato.
- Seguir incidindo tanto no plan de atención a alumnos con NEE e o plan de atención ao alumnado con materia pendente para intentar conseguir os mellores resultados posibles.
- O departamento seguirá a usar a Aula Virtual, Google Classroom, Edixgal e outras ferramentas TIC dun xeito habitual.
- Seguir a formar ao profesorado cara ao futuro para poder levar a cabo o noso traballo de xeito que poida influír positivamente nunha relación ensino-aprendizaxe sempre en continua necesidade de cambios e adecuación aos novos tempos, e especialmente nestes momentos nos que hai unha incerteza sobre como vai a influír o posible avance da pandemia. Por este motivo, e despois de termos que adaptar forzosamente a un novo tipo de ensino no terceiro trimestre do curso, a formación é primordial, especialmente no uso das novas tecnoloxías.
- Realizar Actividades Complementarias e Extraescolares, sempre e cando teñamos ofertas que se adecúen aos intereses do alumnado e promovan o coñecemento da lingua, e sempre que se dispoña dunha dotación económica que así o permita, xa que, a dotación que se nos entrega non chega para cubrir as necesidades deste departamento, que asume a práctica totalidade de cursos e especialidades.
- Intentar poñer en marcha un club de lectura no espazo habilitado do terceiro andar do edificio A, e/ou outras actividades dirixidas ao uso e práctica desta lingua estranxeira en situacións motivadoras e totalmente voluntarias, e que servirían para que o alumno poida empregar esta lingua en situacións diferentes á da propia aula.

23. AUXILIAR DE CONVERSA.

Neste curso académico o centro non contará coa colaboración do auxiliar de conversa ao renunciar dous candidatos pola situación provocada pola pandemia do COVID.

24. COLABORACIÓN DO DEPARTAMENTO COAS “SECCIÓNS BILINGÜES”.

O centro ten autorizadas neste curso para os niveis de 3º e 4º ESO a organización e desenvolvemento de “Seccións Bilingües” na materia de EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL, BIOLOXÍA E XEOLOXÍA e FÍSICA E QUÍMICA

O Departamento de Inglés corre a cargo da coordinación de tales seccións na persoa de M^a DOLORES RÚA BARCIA, que traballará e asesorará á profesora que imparte a materia de Educación Plástica e Visual, MAR GARCÍA RODRÍGUEZ, ao profesor que imparte a materia de Bioloxía e Xeoloxía, DOMINGO PASCASIO FACAL MÉNDEZ, e á profesora que imparte a materia de Física e Química, M^a DOLORES FERNÁNDEZ VILLANUEVA.

25. LIBROS DE TEXTO OFICIAIS

1º ESO	MATERIAL EDIXGAL (NEXT MOVE- ED. PEARSON)
2º ESO	
3º ESO	MARKS, Linda & ADDISON, Charlotte. - Advanced English in Use 3 (Student's Book) BURLINGTON BOOKS - ISBN -> 978- 9963 - 51 - 405 - 2
4º ESO	MARKS, Linda & ADDISON, Charlotte - Advanced English in use 4 (Student's Book) BURLINGTON BOOKS - ISBN ->978-9963-51-410-6
2º PMAR	MARKS, Linda & ADDISON, Charlotte - New English in Use 2 (Student's Book) BURLINGTON BOOKS - ISBN ->978-9963-51-664-3
3º PMAR	MARKS, Linda & ADDISON, Charlotte - New English in Use 3 (Student's Book) BURLINGTON BOOKS - ISBN ->978-9963-51-671-1
1º BACHARELATO DIURNO	GRANT, Elisabeth & EDWARDS, Kaitlin - Living English 1 (Student's Book) BURLINGTON BOOKS - ISBN -> 978 - 9963 - 48 - 987 - 9
1º BACHARELATO ADULTOS	GRANT, Elisabeth & EDWARDS, Kaitlin - Living English 1 (Student's Book) BURLINGTON BOOKS - ISBN -> 978 - 9963 - 48 - 987 - 9
2º BACHARELATO DIURNO	GRANT, Elisabeth & EDWARDS, Kaitlin - Living English 2 (Student's Book) BURLINGTON BOOKS - ISBN ->978-9963-48-997-8
2º BACHARELATO ADULTOS	GRANT, Elisabeth & EDWARDS, Kaitlin - Living English 2 (Student's Book) BURLINGTON BOOKS - ISBN ->978-9963-48-997-8
ESA (MÓDULOS III-IV)	ROSE, Lauren - New Burlington English for Adults 2 (Student's Book), BURLINGTON BOOKS - ISBN-> 978 - 9963 - 47 - 402- 8
CM XESTIÓN ADMINISTRATIVA	VV.AA - Office Administration (Student's Book) BURLINGTON BOOKS -

	ISBN -> 978-9963-51-053-5
CS ADMINISTRACIÓN E FINANZAS	VV.AA - <i>Business Administration & Finance</i> (Student's Book) BURLINGTON BOOKS - ISBN ->978-9963-51-055-9
1º F.P.BÁSICA	BWYE, N & REILLY, P - <i>ENGLISH 1 (Comunicación y Sociedad 1)</i> (Student's Book) MACMILLAN PROFESIONAL ISBN ->978 - 84 - 15991 - 98 - 4
2º F.P.BÁSICA	REILLY, Patricia - <i>ENGLISH 2 (Comunicación y Sociedad 2)</i> (Student's Book) MACMILLAN PROFESIONAL ISBN ->978 - 84 - 16092 - 32 - 1
CUALE A1	<i>English File third edition Elementary, SB, OUP</i> - ISBN: 978-0-19-459844-6
CUALE A2	<i>English File third edition Pre-intermediate SB, OUP</i> - ISBN: 978-0-19-459845-3
INTERMEDIO B1	<i>EMPOWER FOR SPANISH SPEAKERS, SB, CAMBRIDGE UNIVERSITY PRESS</i> - ISBN: 978-84-9036-197-9

26. PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PARA ESTE AÑO

1. PARTICIPACIÓN NO CONCURSO “JUVENES TRANSLADORES”, sempre que sexa posible.
2. Participación en Programas Europeos. Este curso nun programa ERASMUS, do que o centro é coordinador, con distintos países (Polonia, Turquía, Portugal, Italia, Grecia) e que versará sobre os xogos populares nos distintos países, sendo este centro o coordinador do programa.
3. Organización de intercambios de alumnado con diversos centros europeos (ALEMANA, ITALIA, FRANCIA...) sempre que a situación sanitaria o permita.
4. Este curso esperamos poder contar con un “English Corner” que adicaremos a facer actividades co alumnado: lecturas dramatizadas, clube de lectura, etc., actividades que poidan motivar ao alumnado de cara ao uso desta lingua estranxeira. Organizaranse grupos de traballo voluntario nos que, mediante xogos, role plays e outras actividades tipo, o alumnado se exprese e interaccione cos seus compañeiros nesta lingua. Todas estas actividades se levarán a cabo sempre que a situación sanitaria o permita.
5. Asistencia a obras de teatro que se adapten ao noso alumnado.

Nota: Todas as actividades citadas con anterioridade levaranse a cabo dependendo da disponibilidad económica e temporal. De xurdir algunha nova, recollerase na memoria final do departamento. Os detalles da súa organización e desenvolvemento figuran na programación do Departamento de Actividades.

27. INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Ao inicio do curso informarase ao alumnado de xeito oral e por escrito a través de Goggle Classroom ou Aula Virtual dos seguintes aspectos da programación:

- Obxectivos, contidos e criterios para a avaliación.
- Procedementos de avaliación e criterios de cualificación.

- Mecanismos para a recuperación de materia pendente do curso actual e de cursos anteriores se é o caso.

28. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Teñen por obxecto determinar en qué medida o deseño proposto (metodoloxía, materiais, ...) foi adecuado ou non para lograr os obxectivos fixados.

Podemos, tamén, falar de tres momentos á hora de avaliar a programación didáctica (inicial, de proceso e final), sendo os que seguen algúns dos aspectos sobre os que se reflexionará á hora de avaliar o proceso desenvolvido coa posta en práctica de cada unidade formativa, ou ben de toda a programación unha vez rematado o curso:

- Adecuación dos obxectivos e dos contidos específicos propostos en cada unidade.
- Idoneidade das actividades propostas e a súa secuenciación.
- Diversificación de estratexias que respondan aos distintos intereses e ritmos de aprendizaxe detectados no alumnado.
- Adecuación da metodoloxía e dos materiais empregados.
- Nivel de interacción con e entre o alumnado e o clima establecido na aula.
- Todo o que favoreza o proceso de ensino e aprendizaxe: organización, espazos, agrupamentos, ratio de alumnos por aula.
- Coordinación co resto de profesores que interveñen co mesmo grupo de alumnos a través do profesor titor, así como a comunicación cos pais.
- Validez dos criterios e instrumentos de avaliación establecidas para o módulo.

Unha vez avaliado tanto o deseño como o desenvolvemento da programación, tomaremos decisións sobre os aspectos que debemos modificar, orientando novamente o proceso de ensino-aprendizaxe e tendo sempre como finalidade última a súa optimización.

DOCUMENTO PARA REALIZAR A AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN	1	2	3	4
1. A programación didáctica foi elaborada de forma coordinada e coidouse a relación entre os distintos elementos que a compoñen (obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación e atención á diversidade).				
2. A programación didáctica concreta e completa fielmente as decisións tomadas na concreción do currículo dentro do noso proxecto educativo de centro.				
3. Os criterios de avaliación da programación didáctica cumpren a función de "medir" se se alcanzaron os estándares previstos a través dos contidos propostos secuencialmente.				

4. Os procedementos de avaliación programados axústanse aos criterios de cualificación.				
5. A programación ten en conta os coñecementos e aprendizaxes básicos necesarios para aprobar a materia.				
6. As actividades programadas manteñen coherencia coas decisións metodolóxicas e o currículo oficial vixente.				
7. A metodoloxía usada favorece o desenvolvemento dunha actitude positiva e activa do alumno/a e que ten en conta os seus intereses.				
8. A programación didáctica prevé os recursos (humanos e materiais) necesarios para desenvolvela adecuadamente.				
9. A programación didáctica prevé os espazos e tempos de duración das actividades previstas.				
10. A programación didáctica ten previstas as canles de colaboración familia/centro docente (entrevistas en tutoría, ...).				
11. Programáronse, desenvolvéronse e avaliáronse convenientemente as actividades complementarias e extraescolares.				
12. Desenvolvéronse os elementos comúns incluídos na programación didáctica (educación en valores, TIC, plan lector).				
13. Leváronse a cabo as actividades de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores.				
14. A programación de medidas de atención á diversidade é adecuada ás necesidades específicas de apoio educativo dos nosos alumnos.				

(1) VALORACIÓN. Puntuarase numericamente ente 1 e 4, sendo...

1. Nunca, non, insatisfactoriamente
2. Ás veces, puntualmente.
3. Case sempre, frecuentemente
4. Sempre, si, satisfactoriamente.

(1) OBSERVACIÓNS Á NOTA NUMÉRICA.

(3) PROPOSTAS DE MELLORA (para a seguinte programación didáctica).

LALÍN, 29 DE OUTUBRO DE 2020